

OS TRABALLOS

As persoas traballan en actividades moi diferentes: camareiros, mestres, gandeiros, albanel...

Os traballos clasifícanse en **tres sectores**: O sector primario, o sector secundario e o sector terciario.

- SECTOR PRIMARIO

No sector primario traballan aquelas persoas que obteñen **alimentos e materias primas** da natureza.

As **materias primas** son os produtos que se obteñen da natureza e que serven para fabricar outros produtos. Algunhas materias primas son: a madeira, o algodón, o coiro, o ouro...

Algúns dos traballos no sector primario son:

- A Gandería (Gandeiro-Gandeira)
- A Agricultura (Agricultor-Agricultora)
 - A Minería (Minero-Minera)
 - A Pesca (Pescador-Pescadora)
 - Os leñadores e leñadoras

Une cada imaxe coa súa descrición e escribe o nome da persoa que fai o traballo



Capturan peixes e outros animais mariños para alimentarnos.

Poden pescar:

Preto da costa (pesca de baixura)

Lonxe da costa (pesca de altura)

Nos ríos e lagos (pesca fluvial)



Crían animais coma vacas, ovellas, porcos, polos ...
Deles obteñen carne, ovos, leite, la, coiro ...



Cultivan a terra para obter alimentos, coma a pataca, e materias primas coma o algodón.



Estudan e explotan os bosques para obter: madeira, cortiza, celulosa ...



Extraen da natureza rochas, coma o mármore, e minerais coma o ferro.